

ANUNCIO

O alcalde o día 03-09-2026 ditou a seguinte Resolución con número 554/2026 que deseguido lle notifico:

“RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE: CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE FUNCIONARIO INTERINO/A ADMINISTRATIVO/A PARA SUBSTITUCIÓN DA TITULAR POR I. T. (ADMINISTRATIVA REXISTRO)

EXPEDIENTE: 2026/E002/000010

ANTECEDENTES:

Logo de ver o ficheiro FIE no que se da conta da situación de baixa por IT, dende o día 28/08/2026 e cunha duración estimada de 30 días, da funcionaria administrativa do rexistro municipal (código posto 01.02.01).

Logo de ver a proposta da concelleira responsable da área de persoal, Carmen Liñeira Sánchez, de data 01/09/2026: “*PROPOÑO :*

O chamamento a través da bolsa de emprego para a substitución do posto vacante por IT da administrativa (código 01.02.01), que desenvolve a súa función como administrativa do rexistro xeral e que actualmente se atopa vacante debido a incapacidade temporal da persoa que ocupa este posto de traballo.”.

Logo de ver as “*Bases reguladoras da convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as administrativos/as*”, aprobadas por Xunta de Goberno Local de data 30/04/2025 (BOP nº 86 do 08/05/2025).

Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 418/2025 de data 02/07/2025 e asunto: “*Aprobación da bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as administrativos/as*”, no que se resolve aprobar a seguinte bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a administrativo/a:

Nome e Apelidos	MÉRITOS	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
1. SONIA S. M.	9	8,91	9	26,91
2. SANDRA P. R.	9,10	6,93	8	24,03
3. YOLANDA B. G.	6,80	7,92	8	22,72
4. PAULA G. R.	1	8,58	8,50	18,08
5. RAQUEL R. F.	0	8,58	9	17,58
6. Mª EMMA C. F.	3	8,91	5,50	17,41
7. ANGEL C. S.	0	5,94	9	14,94
8. ALMUDENA B. C.	0,10	7,59	6	13,69
9. JOSE F. G. D.	0,50	7,59	5	13,09

Logo de ver o Decreto da Alcaldía núm. 544/2026 de data 01/09/2026, asunto “PROVIDENCIA PARA O CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE FUNCIONARIO INTERINO/A ADMINISTRATIVO/A PARA SUBSTITUCIÓN DA TITULAR POR I. T. (ADMINISTRATIVA REXISTRO)”: no que se acorda: “*PRIMEIRO: Que se una ao expediente o certificado de existencia de crédito da Intervención municipal e se informe por Secretaría e Intervención para proceder ao chamamento a través da bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as administrativos/as para substitución da titular por atoparse en situación de incapacidade temporal (administrativa rexistro).*

SEGUNDO: Que se de traslado do presente acordo a Secretaría e Intervención municipal.”.

Logo de ver o certificado de existencia de crédito Ref.: 423M/2025 de data 01/09/2026, no que se certifica: “Que de acordo cos datos que se desprenden da contabilidade municipal, existe crédito axeitado e suficiente no orzamento do exercicio 2026, que é o prorrogado do exercicio 2025, para proceder ao CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE FUNCIONARIO INTERINO/A ADMINISTRATIVO/A PARA SUBSTITUCIÓN DO TITULAR POR IT (ADMINISTRATIVA REXISTRO) (código do posto segundo a RPT DO Concello de Melide: 01.02.01) na bolsa de vinculación xurídica (9-1) con cargo ás aplicacións orzamentarias 920/120.03, 920/121.00, 920/121.01 e 920/160.00.”.

Logo de ver que con data 01/09/2026 e rexistro de entrada 3725, Sonia S. M. con DNI n.º ***9971**, presenta un escrito non que di que: “Na actualidade e dende a data do 26 de setembro de 2025, estou cubrindo a vacante por xubilación do posto de administrativa da Biblioteca Publica Municipal (achecho acta) **renuncio á cobertura** da praza proposta e solicito que , se me siga conservando o posto na bolsa de emprego e realizando os vindeiros chamamentos que puideran acontecer”. Achega co escrito acta de toma de posesión.

Logo de ver que con data 01/09/2026 e rexistro 202699900001613, Sandra P. R. con DNI n.º ***5631**, presenta a través da sede electrónica unha instancia na que di: “O día de hoxe, 01/09/2026, recibín unha citación para cubrir unha baixa por IT dentro da bolsa de administrativos do Concello de Melide da que formo parte. Actualmente atópome traballando polo que **rexeito dito chamamento** pero gustaríame continuar na bolsa. Adxunto a miña toma de posesión e o meu informe de vida laboral.”. Achega co escrito a toma de posesión e informe de vida laboral.

Logo de ver o informe de Secretaria e Intervención con ref.: 02/09/2025 de asunto: “CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE FUNCIONARIO INTERINO/A ADMINISTRATIVO/A PARA SUBSTITUCIÓN DO TITULAR DA PRAZA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR IT (ADMINISTRATIVA REXISTRO)”, no que se informa: “FAVORABLEMENTE ao chamamento a través da bolsa de emprego ou listaxe de reserva de 1 funcionario/a interino/a para a substitución de María de la Cruz Mosquera Sánchez, con DNI ***6506**, titular da praza de funcionaria administrativa do rexistro municipal (código posto 01.02.01), debendo seguirse ao efecto a tramitación establecida no apartado 10 das Bases”.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Proceder ao chamamento de YOLANDA B. G., con DNI nº ***2846**, para ocupar en substitución transitoria por incapacidade temporal da funcionaria administrativa do rexistro municipal (código posto 01.02.01).

SEGUNDO: No caso de manifestar a seleccionada o seu interese no prazo dos 2 días hábiles dende a notificación, deberá así mesmo presentar no rexistro de entrada do Concello de Melide, os seguintes documentos en orixinal ou copia autenticada:

- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de NACIONALIDADE (DNI ou equivalente) e TITULACIÓN, así como da documentación acreditativa dos MÉRITOS alegados e valorados.
- Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.

- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas (ANEXO IV).

- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (ANEXO IV).

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á interesada.

CUARTO: Publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Ordeno e asino en Melide, xoves 3 de setembro de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario acctal. da fe. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, xoves 3 de setembro de 2026. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.